

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 12 de agosto de 2002 pola que se fixa o prezo de venda ó público da publicación: Notas técnicas sobre la CIE-9-MC, 4ª edición en castellano.*

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

**DISPÓN:**

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público da publicación editada por esta consellería e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase co IVE incluído.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2002.

José María Hernández Cochón  
Conselleiro de Sanidade

**ANEXO I**

\* *Notas técnicas sobre la CIE-9-MC, 4ª edición en castellano: 7,45 euros.*

*Orde do 12 de agosto de 2002 pola que se fixa o prezo de venda ó público da publicación: Metodoloxía para a avaliación de riscos laborais en centros sanitarios.*

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

**DISPÓN:**

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público da publicación editada por esta consellería e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase co IVE incluído.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2002.

José María Hernández Cochón  
Conselleiro de Sanidade

**ANEXO I**

\* *Metodoloxía para a avaliación de riscos laborais en centros sanitarios: 6,60 euros.*

*Orde do 14 de agosto de 2002 pola que se fixa o prezo de venda ó público da publicación: Manual de primeiros auxilios do 061 de Galicia.*

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

**DISPÓN:**

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público da publicación editada por esta consellería e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase co IVE incluído.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2002.

José María Hernández Cochón  
Conselleiro de Sanidade

**ANEXO I**

\* *Manual de primeiros auxilios do 061 de Galicia: 17,50 euros.*

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

*Corrección de erros.-Resolución do 6 de maio de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas.*

Advertido erro no anexo I do convenio colectivo publicado no DOG número 94, do 16 de maio de 2002, a comisión paritaria para vixilancia, control

e interpretación do convenio acorda, con data do 14 de xuño de 2002, se proceda a corrixi-lo erro detectado, consistente en que as matronas aparecen no grupo 4 bis de clasificación cando deberían aparecer no grupo 4. Así mesmo, no grupo 4 bis, deberían

figurar fisioterapeutas no lugar onde figuran matronas, polo que é necesario face-la seguinte corrección:

Substituír integramente o anexo I, publicado na páxina 7.239 do devandito diario.

### ANEXO I

(En euros)

Grupo	Definición convenio	Salario base	Complemento convenio	Actividade única	C. variable	Total 2001	Ano 2002	Variable 2002
1	Facultativo especialista.	17.846,45	5.965,81	5.102,63	5.102,63	34.017,53	34.697,88	5.782,98
2	Facultativo non especialista.	17.846,45	4.139,89	3.281,56	3.281,56	28.549,47	29.120,46	3.852,55
3	Titulado universitario superior non sanitario.	17.846,45	3.733,19		2.397,74	23.977,38	24.456,93	2.877,29
4	Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente e matronas.	13.597,30	3.338,62		1.881,77	18.817,69	19.194,04	2.258,12
4 bis	Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente con especialidade (fisioterapeutas)	13.597,30	3.035,11		1.881,77	18.514,18	18.884,46	2.252,05
5	Títulado universitario de grao medio non sanitario.	13.597,30	2.792,30		1.821,07	18.210,67	18.574,88	2.185,28
6	Técnico con formación profesional superior sanitario.	10.622,89	2.361,32		977,31	13.961,51	14.240,74	1.256,54
7	Técnico con formación profesional superior ou equivalente non sanitario	10.622,89	2.361,32		977,31	13.961,51	14.240,74	1.256,54
8	Técnico con formación profesional básica sanitaria.	9.348,14	2.063,88		728,43	12.140,44	12.383,25	971,24
9	Técnico con formación profesional ou equivalente non sanitaria.	9.348,14	2.063,88		728,43	12.140,44	12.383,25	971,24
10	Outro persoal sen titulación específica.	9.008,21	1.827,14		698,08	11.533,42	11.764,09	928,74

*Resolución do 26 de xullo de 2002, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Bebidas Gaseosas del Noroeste, S.A. (Begano, S.A.).*

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico da empresa *Bebidas Gaseosas del Noroeste, S.A. (Begano, S.A.)* (código de convenio 8200222), que se subscribiu con data do 28 de xuño de 2002, entre os representantes da empresa e dos seus traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo,

Esta dirección xeral,

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordena-la inscrición do devandito convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remiti-lo texto orixinal ó correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2002.

José Vázquez Portomeñe  
Director xeral de Relacións Laborais

#### Capítulo I

Ámbito, vixencia, duración e dereito supletorio

Artigo 1º.-Ámbito (persoal, funcional, territorial).

O presente convenio colectivo regulará a totalidade das relacións sociolaborais establecidas entre *Begano, S.A.* e os seus traballadores, entendéndose como tales a totalidade dos empregados que a empresa ten distribuídos nos seus distintos centros de traballo en toda a Comunidade Autónoma de Galicia e que poidan estar actualmente traballando ou que se incorporen durante a vixencia do convenio.

Artigo 2º.-Vixencia.

Páctase un período de duración para este convenio colectivo de 3 anos, contados desde o 1 de xaneiro de 2002 o 31 de decembro de 2004.